



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Visto que é necesaria a licitación e adxudicación da concesión demanial de uso do café-bar situado no recinto da piscina municipal, debido á proximidade das datas de verán, e a súa inminente apertura en próximas datas;

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado en data 26 de maio de 2025 polo que se deberá de rexer o proceso de licitación e adxudicación da concesión demanial de uso do café-bar situado no recinto da piscina municipal;

Vistos os informes da secretaría e da intervención deste Concello asinados en data 26 de maio de 2025;

Tendo en conta as miñas competencias como xefe de servizos do concello, e de conformidade coa normativa de réxime local **R E S O L V O** :

PRIMEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e técnicas polas que se deberá de rexer o proceso de licitación e adxudicación da concesión demanial de uso do café-bar situado no recinto da piscina municipal.

SEGUNDO.- Publicar a oportuna convocatoria no taboleiro de anuncios do concello sito na Casa Consistorial, na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>), así como a través de bandos do Sr. Alcalde nos lugares de interese.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles a contar a partires do día seguinte da publicación das presentes bases na sede electrónica do Concello de Toques.

TERCEIRO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Toques o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;